

# N

**TURGALICIA**  
BOLETÍN DE NOTICIAS

Nº 141 22-28 XANEIRO '08

Boletín electrónico semanal de **TURGALICIA**. Estrada Santiago Noia, Km. 3. 15896, Santiago de Compostela.



Se desexa recibir máis información gráfica ou escrita sobre as informacións contidas neste boletín envíenos un e-mail premendo o seguinte enlace:



ou pónase en contacto con nós no teléfono:

**902 200 432**

ou no fax:

**981 542 659**



[www.turgalicia.es](http://www.turgalicia.es)



Reservas



Ofertas



Publicacións



Noticias

Edita: **TURGALICIA**. Realización Newsletter: Imaxe Nova de Comunicación S.L. r/Uruguaí 2, 3º dereita, 36201, Vigo. Tel.: 986 221 835. Fax.: 986 437 141 email: [imaxenova@imaxenova.com](mailto:imaxenova@imaxenova.com)

# O TURISMO DE GALIZA, FIEL A FITUR

Durante cinco días, **TURGALICIA** promocionará en Madrid, xunto a outras trece entidades turísticas, a personalidade propia de Galiza

Fiel á primeira cita anual do Turismo mundial, o Turismo de Galiza volverá a presentarse en Madrid, entre os días 30 de xaneiro e 3 de febreiro, no marco da Feira Internacional de Turismo (FITUR), consolidada xa como unha convocatoria líder para o mercado turístico e unha importante plataforma de promoción e comercialización de destinos, marcas, produtos, recursos e servizos turísticos.

A Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, **TURGALICIA**-Dirección Xeral de Turismo, contará cun espazo de 1.615 metros cadrados no pavillón 9 do Recinto Feiral Juan Carlos I onde, xunto a outras trece entidades co-expositoras, dará a coñecer a oferta turística xeral do País galego, baixo as denominacións Turismo Atlántico, Cidades de Galiza, Centros Históricos, Camiño de Santiago, Turismo de Interior, Rías de Galiza, Turismo Termal, Turismo Náutico e Cociña Atlántica. O deseño do *stand* galego recollerá, precisamente, a esencia da nova liña de promoción turística de Galiza baseada na transmisión do estilo de vida galego e dun destino con personalidade propia co poder de xerar unha resposta emocional na mente das persoas que o visitan.

FITUR, que na súa pasada edición registrou a entrada de 250.000 persoas, das que 160.000 foron profesionais, dedicará as tres primeiras xornadas aos profesionais, polo que a sala de actos do *stand* de **TURGALICIA** acollerá múltiples presentacións de produtos e recursos turísticos galegos.

## Actos no "stand" galego

Así, por exemplo, o día 30 de xaneiro están previstas a presentación de Vigo como cidade aspirante á organización da Universiada 2013; a promoción turística do Salnés a través de *blue-tooth*, e as presentacións da



Imaxe do Turismo de Galiza na pasada edición de FITUR.

Ruta da Cultura Marítima do Salnés e de Cabo Fisterra como patrimonio europeo –ésta, organizada por **TURGALICIA**–.

A oferta turística de Lugo e, en concreto, o Centro de Interpretación da Muralla, o novo portal [www.lugoturismo.com](http://www.lugoturismo.com) e as novas rutas guiadas no municipio; a imaxe da Coruña como balcón do Atlántico; os produtos turísticos do destino Ferrol-Ortegal que elabora o Plan de Dinamización do Produto Turístico destas comarcas, e a oferta turística de Ourense presentaranse o día 31 de xaneiro.

Este mesmo día, o *stand* acollerá varias iniciativas relacionadas coa gastronomía: unha degustación de

produtos gastronómicos do Grove; a presentación do noveno Salón da Gastronomía e o Turismo Xantar 2008, que terá lugar en Ourense, a a demostración e degustación "Da conserva ao prato", dentro da presentación turística da cultura mariñeira de Arousa Norte. O día 1 de febreiro presentaranse a Estación de Esquí e de Montaña de Manzaneda, As Mariñas Coruñesas –libro e guía de xardíns mariñáns e paquetes de Turismo Náutico– e A Mariña de Lugo.

O presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, e o seu vicepresidente, Anxo Quintana, visitarán a feira os días 1 de febreiro e 30 de xaneiro, respectivamente.